



## CONCURSO DE FOTOGRAFÍA: Enfocando Santa Comba

### BASES

#### 1.- FINALIDADE

A finalidade deste concurso é a de promocionar os recursos naturais e histórico-culturais que ten o noso concello, así como destacar aspectos peculiares, únicos e distintivos do noso territorio e amosar a forma de vida da nosa xente. Preténdese premiar aquelas miradas que consigan destacar os aspectos máis reseñables da nosa identidade municipal, co obxectivo de reunir un arquivo fotográfico participativo e de calidade ao que poder recurrir para ofertar unha imaxe próxima, verídica e persoal do noso Concello e dos aspectos distintivos que nos fan únicos. De igual maneira, quérese privilexiar o enfoque artístico vencellado ao mundo da fotografía, unha arte que para moitos dos nosos veciños representa máis que un simple pasatempo, unha expresión do seu talento e un xeito de vivir o presente anclándoo ás lembranzas.

#### 2.- PARTICIPANTES

Poderán participar neste concurso todas aquelas persoas físicas de 16 anos en diante, que cumpran con estas bases. Para a participación de persoas menores de idade, é necesaria a autorización dos seus pais ou titores.

#### 3.- TEMA

O tema será: Santa Comba. A fotografía deberá estar localizada en calquera punto deste termo municipal.

Os traballos que se presenten deberán ser orixinais e inéditos. Non se admitirán imaxes de montaxes, nin manipulacións que non sexan exclusivamente tratamentos de cor ou axustes de calidade ou procesado da imaxe. As fotografías non terán ningún elemento: sinatura, logo, iniciais,...

No caso de que se presenten ao concurso fotografías con imaxes de persoas físicas, recae sobre o participante toda responsabilidade relacionada co dereito á intimidade e a propia imaxe.

#### 4.- CATEGORÍAS

- a) Fotografía
- b) Reportaxe (mínimo 8 fotos)

#### 5.- Nº DE OBRAS E FORMATO

Cada participante poderá enviar para a categoría a) un máximo de 3 fotografías (branco e negro ou color) en formato electrónico: JPG (acéptanse extensión de comprensión rar ou zip). A resolución mínima será de 4 megapíxeles.

Para a categoría b) cada participante poderá mandar un máximo de 2 reportaxes.



# CONCELLO DE SANTA COMBA

## TERRA DE XALLAS

PRAZA do Concello, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 - E-mail: [CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES](mailto:CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES) - C.I.F.: P-1507800-1

### 6.- PREMIOS

Categoría a) 1º premio: 150 € + diploma

2º premio: 75 € + diploma

3º premio: 50 € + diploma

Categoría b) Premio de 200 € + diploma

### 7.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES ( LUGAR E FORMA )

As fotografías serán enviadas como arquivo adxunto dun correo electrónico a seguinte dirección: [enfocandosantacomba@gmail.com](mailto:enfocandosantacomba@gmail.com) ; ou poderánse entregar no departamento de cultura do concello nun pen. No correo electrónico no que se añadan as fotografías ten que figurar: o título de cada fotografía ou reportaxe así como o lugar de ubicación da imaxe, o nome e apelidos da persoa participante, DNI, dirección postal e electrónica ( e-mail ) e un teléfono de contacto. De entregarse en pen, virán acompañadas dun sobre con estes datos.

### 8.- PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación comezará o 8 de abril e finalizará o 20 de maio de 2016.

### 9.- XURADO

Os membros do xurado, en número impar, serán designados pola Alcaldía do Concello de Santa Comba. Os premios outorgaranse por maioría de votos. A súa decisión será inapelable e poderá declarar deserto algún premio así como eliminar por defecto as imaxes que non se axusten ao disposto nas bases.

O xurado premiará aquelas fotografías que destaquen os valores turísticos, que mostren aspectos singulares e atractivos dos nosos recursos, como a riqueza patrimonial, cultural, natural ou tradicional no concello de Santa Comba

O xurado terá que fallar o premio antes do 25 de maio, comunicandollo aos gañadores/as por correo electrónico e publicaranse na páxina web do concello: [www.santacomba.es](http://www.santacomba.es)

### 10.- EXPOSICIÓN

O Concello de Santa Comba levará a cabo unha exposición con todas as obras premiadas e presentadas a concurso.

### 11.- RESOLUCIÓN/DEREITOS DO CONCELLO

Todos os traballos presentados pasarán a formar parte dun arquivo creado para uso municipal, e poderán ser expostas e reproducidas co obxectivo expresado no apartado primeiro

A participación no concurso supón a aceptación destas bases.